

## BÓVEDA

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data trinta de decembro de 2016, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2017, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Bóveda, 30 de decembro de 2016.- Alcalde-Presidente, JOSE MANUEL ARIAS LOPEZ

R. 0016

## LUGO

### *Anuncio*

De Conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/15 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadanos no procedemento de elaboración de normas, sustanciaráse unha consulta pública, por un prazo de **QUINCE DIAS HÁBILES**, a través do Portal de Transparencia integrado na páxina web [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal), con carácter previo á elaboración do proxecto das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza de Xestión e Uso de Hortos Urbáns
- Ordenanza de Protección contra a Contaminación Acústica
- Ordenanza de Licenzas e Comunicación previas
- Ordenanza Única de Actividades
- Ordenanza de Publicidade Exterior
- Ordenanza reguladora da igualdade e discriminación na publicidade exterior
- Regulamento de Participación Cidadá

Durante o expresado trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións, que consideren que resultan afectadas polas futuras normas enunciadas, poden facer chegar as súas opinións, indicando o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a [buzondeconsultapublica@concellodelugo.org](mailto:buzondeconsultapublica@concellodelugo.org), acerca de:

- a) dos problemas que se pretenden solucionar coas anteditas normas
- b) da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) dos obxectivos das normas
- d) da posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

As alegacións presentadas que cumpran o requisito recibirán acuse de recibo a traves de dita dirección de correo electrónico.

Lugo, 3 de xaneiro de 2017.- A ALCALDESA, Lara Méndez López

R. 0017

## QUIROGA

### *Anuncio*

Rendida a Conta Xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2015, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican e o informe da mencionada comisión, na Secretaría do Concello, durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que, durante dito prazo